

INFORMACIÓN E DATAS DAS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS PARA O CURSO 2008-2009

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará próximamente no DOG a resolución da convocatoria ordinaria de probas de acceso a ciclos formativos de graos medio e superior para o vindeiro curso académico.

Toda a información e a documentación referente ás probas de acceso pode consultarse dentro da opción “probas” do menú da páxina web: <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Para calquera información adicional estarán disponibles os servizos da Unidade de Atención a Centros (teléfono: 902 905 445, fax: 981 934 400, enderezo electrónico: uac@edu.xunta.es e a páxina web: www.edu.xunta.es/uac). Tamén se poderá solicitar información nos servizos de orientación dos institutos de ensinanza secundaria e nos centros integrados de formación profesional.

Novidades da convocatoria de probas de acceso 2008-2009

- As persoas que acrediten ter superadas as probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos e desexen facer efectiva esta exención, non terán que inscribirse para a proba de acceso. Poderán participar no proceso de admisión a ciclos formativos conforme ao procedemento que se regula na Orde do 5 de xuño de 2007 (DOG do 15 de xuño).
- Consonte o disposto no Decreto 124/2007, do 28 de xuño (DOG do 29 de xuño), polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, o alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro con lingua oficial castelá poderá obter a exención da cualificación das probas de avaliación de materia de lingua galega durante dous cursos académicos.

Con base no exposto, o alumnado que se presente ás probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional inicial e teña vixente a exención concedida deberá facelo constar expresamente no momento de realizar a inscrición, achegando copia da resolución de concesión.

Calendario previsto das probas de acceso

Probas de acceso a ciclos de grao superior

As probas de acceso a ciclos formativos de grao superior para o curso académico 2008-2009 terán lugar o día 18 de abril. O período de inscrición para estas probas será do 21 ao 31 de xaneiro.

Probas de acceso a ciclos de grao medio

As probas de acceso a ciclos formativos de grao medio para o curso académico 2008-2009 levaranse a cabo o día 5 de xuño. O período de inscrición para estas probas será do 21 ao 30 de abril.

Probas de acceso	Grao superior	Grao medio
	Abril	Xuño
Inscrición á proba	21 ao 31 de xaneiro	21 ao 30 de abril
Publicación nos centros a relación provisional de inscritos á proba	1 de febreiro	5 de maio
Reclamación a listaxe provisional de inscritos e presentación de documentación adicional	4 ao 6 de febreiro	6 ao 8 de maio
Publicación nos centros a relación definitiva de inscritos á proba.	7 de febreiro	9 de maio
Publicación dos centros públicos (sedes) onde se realizarán as probas.	8 de febreiro	12 de maio
Publicación da resolución provisional de exencións e PA	18 de febreiro	20 de maio
Reclamacións contra a listaxe provisional de exencións e PA	19 ao 21 de febreiro	21 ao 23 de maio
Publicación da resolución definitiva de exencións e PA	3 de marzo	3 de xuño
Celebración da proba e control de asistencia	18 DE ABRIL	5 DE XUÑO
Publicación das actas de cualificación provisional	25 de abril	13 de xuño
Reclamacións contra as actas de cualificación provisional	28 ao 30 de abril	16 e 18 de xuño
Publicación das cualificacións definitivas	13 de maio	27 de xuño
Inicio da entrega de certificados nas sedes	13 de maio	26 de xuño